

MATERIAL PRA CATEQUISTA

3

O REINO DE DEUS

CONSTRUÍMOS UN MUNDO NOVO



Tema 1.- Deus coida de nós

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro páxina 4 o apartado ollos abertos. Na ficha contestamos nos cadros o exercicio que se propón.
Falamos sobre o que se nos pregunta no último exercicio da páxina 4.
- 4.- Lemos no libro páxina 5 o apartado mirada penetrante. Na ficha escribimos nos cadros cousas que nos nosos pais fan por nós.
No caderno escribimos cousas que nós podemos facer para responder axeitadamente ao que os nosos pais fan por nós.
- 5.- Lemos no libro páxina 6 e 7 o apartado oídos atentos, e completamos na ficha os textos que faltan.
Completamos as letras que faltan na táboa de palabras.
- 6.- Lemos no libro na páxina 8 o apartado memoria esperta. Completamos os textos que faltan e explicamos as respostas. Non fai falla escribir todo o texto pois o que máis interesa é que se comprenda e mesmo poden escribir un resume.
- 7.- Completamos na ficha o apartado mans activas da páxina 9.
- 8.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín é que:
¿Qué fai Deus por nós e polo mundo?
(A resposta está na introdución do apartado oídos atentos)

Tema 2.- Deus libera aos israelitas da escravitude

1.- Cubrimos a folla de asistencia.

2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.

3.- Lemos no libro páxina 10 o apartado ollos abertos. Abrimos un diálogo sobre o que nos conta a historia.

Suliñamos na ficha os momentos máis importantes desta historia. Escribimos no caderno os cinco momentos que nos parecen máis importantes e logo pómolos en común.

4.- Na ficha, no apartado mirada penetrante, facemos o exercicio que se nos propón, e logo comprobamos as frases que nos veñen no libro.

Contestamos ás preguntas que nos veñen no apartado.

5.- Lemos no libro nas páxinas 11, 12 e 13 o apartado oídos atentos, completando na ficha os textos que nos faltan. En cada apartado suliñan as palabras ou a frase que explica o título de cada punto. Dialogamos en cada punto sobre cómo iso aparece tamén na historia de Mulumba.

Facemos o exercicio do mapa.

6.- Lemos no libro na páxina 13 o apartado memoria esperta, completamos os textos que faltan nas preguntas (non fai falla copiar ao pe da letra, podemos resumir as respostas que faltan).

7.- Lemos no libro na páxina 14 o apartado mans activas, e imos lendo e contestando ás preguntas.

No caderno, e recordando a historia de Mulumba, de Moisés, de Milimbo e de Adrián, escriben o que teñen en común.

8.- No caderno escriben o seu nome, e de que son escravos, e poñen tamén o nome e as cousas das que son escravos os compañeiros.

8.- No caderno escribimos:

O máis importante que aprendín é que:

(copiamos o que Deus nos di na páxina 15).

Tema 3.- Os reis guían ao pobo de Israel en nome de Deus

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- No apartado ollos abertos na páxina 16 facemos o exercicio que se nos propón.
- 4.- Lemos no libro o apartado mirada penetrante na páxina 17, e facemos o exercicio que se nos propón. Facemos tamén o exercicio de unir con frechas. Comprobamos as diferenzas entre os bos e os malos reis.
- 5.- Traballamos o apartado oídos atentos lendo polo libro intentando comprender os momentos máis importantes do principal rei de Israel: David. Completamos na ficha os textos que nos faltan. Imos suliñando na ficha as palabras que nos axudan a comprender os títulos de cada apartado. No caderno van escribir cinco diferenzas entre o rei David e os reis que viñeron despois del.
- 6.- Traballamos o apartado memoria esperta e contestamos no caderno ás preguntas (so lle deixamos ver no libro para que comprobemos se as súas respostas foron acertadas). Corrixen e engaden o que sexa oportuno.
- 7.- Traballamos o apartado mans activas mirando na páxina 20 do libro, e completamos os momentos máis importantes do rei David. Facemos o exercicio que se nos propón ao final da páxina.
- 8.- No caderno escribimos:
Quero rezar polos dirixentes e gobernantes:
(Copiamos a oración que temos polos dirixentes na páxina 21 do libro)

Tema 4.- O pobo, despois do desterro, recupera a súa terra.

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- No apartado ollos abertos, na páxina 22 do libro, lemos e facemos o exercicio que se nos propón, buscando remedio aos males. Plantexamos un diálogo no que eles digan algún mal grave que empezou por algo pequeno (un cancro de pulmón empeza por un pitillo, unha anorexia empeza por deixar de comer unha merenda, un sobrepeso ..., un fallo no coche, ...)

4.- Traballamos o apartado mirada penetrante, na páxina 23 do libro, e completamos o cadro cos perigos e os remedios.

5.- Traballamos o apartado oídos atentos, mirando polo libro, na páxina 24, imos repasar como foi o desterro e a volta do pobo de Israel, e completamos na ficha os textos que nos faltan. Suliñan as palabras que explican o título de cada apartado.

Facemos tamén o exercicio que se nos propón arredor do mapa que temos no libro na páxina 25. (debuxan o camiño de Xerusalén a Babilonia cando foron desterrados, e o camiño de Babilonia a Xerusalén cando volveron á súa terra. O apartado 1 están en Xerusalén, o punto 2 é no camiño cara Babilonia, o punto 3 e 4 están en Babilonia, e o 5 en Xerusalén.

6.- Traballamos o apartado memoria esperta e contestamos na ficha ás preguntas (primeiro sen mirar polo libro, e despois comprobando o que temos no libro na páxina 25).

7.- Traballamos o apartado mans activas, e facemos o exercicio que se nos propón.

No caderno imos escribir os tres consellos que nós consideramos máis importantes, e logo pomos en común.

8.- No caderno escribimos:

O máis importante que aprendín é que:

(copiamos o apartado “actitudes fundamentais ...” que temos no final do apartado mirada penetrante na páxina 23 do libro)

Tema 5.- O pobo de Israel mantense fiel nas persecucións

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- No apartado ollos abertos, na páxina 28, lemos e comentamos algunha desas noticias. Vemos a posibilidade de repasar algúns periódicos buscando esas noticias.
- 4.- No apartado mirada penetrante, na páxina 29 do libro, lemos e imos comentando. Na ficha escribimos resumindo as principais actitudes das persoas que se senten perseguidas.
- 5.- Traballamos o apartado oídos atentos completando o que falta. Máis que copiar intentamos resumir. Ten que servir para ver como o pobo de Israel foi vivindo e mantendo a fe en Deus aínda que foron tempos nos que a xente do pobo se sentía perseguida. Comprobamos a diferenza entre os que se mantiveron fieis e os que abandonaron a fe en Deus. En cada apartado imos suliñando na ficha as palabras máis importantes.
- 6.- Traballamos o apartado memoria esperta e contestamos na ficha ás preguntas facendo un resume da resposta que temos no libro na páxina 31.
- 7.- No apartado mans activas facemos os dous exercicios que se nos propoñen e completamos os textos. O exercicio serve para ver como tamén nós esperamos ao Mesías, igual que o pobo de Israel esperaba que Deus os devolvera á terra prometida.

- 8.- No caderno escribimos:

O máis importante que aprendín neste tema é que:

Teño que cambiar para procurar ser máis solidario, humilde e compasivo (cada neno escribe tamén unha cousa concreta que lle pode servir para conseguir ser máis solidario, humilde e compasivo) Intentamos que sexa algo que poidan facer nesa mesma semana)

Tema 6.- O Mesías ven coma rei humilde e sinxelo

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos polo libro o apartado ollos abertos, logo pechan o libro e completan na ficha o que falta no apartado ollos abertos. Rematan completando polo que ven no libro.
- 4.- Lemos o apartado mirada penetrante e facemos o exercicio que se propón. Despois pomos en común as respostas e imos corrixindo.
- 5.- No apartado oídos atentos imos completando os textos que faltan, e suliñamos as palabras máis importantes de cada apartado.
No caderno explican o que os tres debuxos nos queren contar.
- 6.- Axudándonos do libro contestamos ás preguntas que temos no apartado memoria esperta.
- 7.- No apartado mans activas lemos o texto que temos no cadro da esquerda, suliñando os momentos máis importantes desa historia que nos conta como se perdeu Xesús en Xerusalén.
Coa axuda do libro completan o comportamento de Xesús cos cinco puntos que están por completar no cadro do medio.
Lemos as preguntas que temos no cadro da dereita e comentamos o que nos suxiren.
Ao final contestamos as dúas preguntas que temos no apartado mans activas.
- 8.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín neste tema é que:
(lemos toda a oración que temos na páxina 39, e despois copiamos no caderno o apartado “Damos grazas a Deus”)

Tema 7.- Xesús proclama a chegada do Reino de Deus

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Na ficha completamos o apartado ollos abertos e facemos o exercicio que se nos propón.
- 4.- Lemos o apartado “mirada penetrante” e no caderno imos escribir o que os nosos pais esperan de nós, o que lles gustaría para nós, cómo lles gustaría que foramos.
- 5.- Traballamos o apartado “oídos atentos” e imos completando o que falta na ficha (suliñamos as palabras máis importantes de cada apartado).
Facemos o exercicio que se nos propón ao final do apartado.
- 6.- Contestamos as tres preguntas que temos no apartado memoria esperta.
- 7.- Traballamos o apartado “mans activas”. Completamos os cadros da primeira parte. Imos repasalo para que sexa comprendido por todos.
Despois facemos o segundo exercicio, procurando que as respostas sexan a verdade de cada un. Cada neno no caderno vai escribir as tres que peor fai, e as tres que mellor fai e logo póñense en común.
- 8.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín neste tema é que:
(Copian o texto que está na páxina 42 do libro, e que nos fala do que decidiu facer Xesús cando tiña trinta anos)

Tema 8.- Xesús anuncia e realiza o Reino de Deus

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro o apartado ollos abertos. Despois no caderno escribimos o que cada personaxe ten de bo, e o que ten de malo.
- 4.- Facemos os dous exercicios que se nos propón no apartado mirada penetrante.
- 5.- Completamos os textos que faltan no apartado oídos atentos e lemos e explicamos o que as parábolas de Xesús nos queren ensinar ao falar do Reino de Deus.

No caderno escriben a explicación de algún deses contos.

Lemos o punto 2 do apartado oídos atentos e sulñamos as palabras máis importantes. Rematamos facendo o exercicio que se nos propón no final de oídos atentos.

- 6.- Coa axuda do libro contestamos ás preguntas que do apartado memoria esperta.
- 7.- Rematamos o tema lendo e comprendendo o apartado mans activas. Facemos o exercicio que se nos propón.

8.- No caderno escribimos:

O máis importante que aprendín neste tema é que:

(Lemos a oración que temos na páxina 51 do libro, e copiamos a primeira parte dende “Di Xesús ... ata axúdanos Señor)

Tema 9.- Xesús ora ao Pai e ensínanos a orar

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos o apartado ollos abertos e na ficha completamos o cadro dos acontecementos alegres e tristes. Despois no caderno contestamos ás preguntas que temos ao final do apartado. Pomos todo en común.
- 4.- Lemos o apartado mirada penetrante e no caderno escribimos o que nos parece de cada un dos personaxes, e contestamos tamén a pregunta de quen é a mellor persoa e porqué.

Pomos en común as respostas e falamos de que na vida é moi importante comunicarnos cos demais non só para pedir.

- 5.- Imos lendo e completando o que falta no punto 1 do apartado oídos atentos. Van suliñando as palabras máis importantes de cada cadro, para axudar a entender os momentos nos que Xesús ora con esas palabras.

Completamos o punto 2, e suliñamos as palabras importantes dos cadros do lado dereito.

Completamos o cadro “resumimos” coa axuda dos textos que acabamos de estar lendo en todo o apartado oídos atentos.

- 6.- No apartado memoria esperta contestamos as preguntas que temos na ficha.

- 7.- No apartado mans activas (e sen deixarlles copiar polo libro) o catequista dilles unha das actitudes para orar e eles pola oración que teñen na ficha teñen que colocar a actitude no cadro que lle corresponde. Ao rematar comprobamos polo libro as respostas correctas, dialogamos e corriximos o que estea mal.

Facemos o último exercicio da ficha.

- 8.- No caderno escribimos:

O máis importante que aprendín neste tema é que:

Xesús ensinounos a falar con Deus así “Nosso Pai...” (escriben as cinco frases máis importantes para eles desa oración de Xesús)

Tema 10.- Xesús proclama a nova lei do Reino de Deus

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- No libro, lemos o apartado ollos abertos, e facemos o exercicio que se nos propón. Pomos en común.
- 4.- Completamos na ficha o apartado mirada penetrante e vemos cales son as respostas da maioría do grupo.
- 5.- No apartado oídos atentos imos lendo, completando e suliñando o máis importante de cada un dos apartados.
Facemos o exercicio final do apartado contestando as cinco preguntas na ficha.
- 6.- Lemos polo libro as preguntas e as respostas do apartado memoria esperta.
- 7.- No apartado mans activas e mirando polo libro imos vendo as diferenzas que hai entre o que algúns dicían e o que dicía Xesús. Suliñamos o máis importante do que di Xesús.
Facemos o mesmo co segundo grupo de frases comprobando as diferenzas entre o que algúns dicían e o que Xesús pide.
- 8.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín neste tema é que: A xesús gústalle as persoas que: (De todo o apartado mans activas teñen que escoller catro cousas que lle gustan a Xesús) e non lle gustan as persoas que: (De todo o apartado mans activas teñen que escoller catro cousas que non lle gustan a Xesús)

Tema 11.- Xesús vence a morte coa súa resurrección

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- No libro, no apartado ollos abertos lemos a entrevista a Induraín. No caderno escribimos as frases ou cousas que máis nos chaman a atención.
- 4.- No exercicio mirada penetrante imos falar da necesidade de esforzarnos para conseguir o que queremos. Facemos o primeiro dos exercicios e pomos en común.
Despois faremos o exercicio de numerar según o que máis necesitamos.
- 5.- Traballamos o apartado oídos atentos lendo, completando os textos que faltan, e suliñamos as palabras ou frases máis importantes.
Facemos agora o exercicio que se nos propón no final deste apartado, e pómolo en común.
- 6.- Sen deixarlles mirar polo libro contestan na ficha as preguntas que veñen na ficha no apartado memoria esperta, despois comprobamos polo libro as respostas correctas, e corrixen o que haxa que corrixir.
- 7.- Traballamos o apartado mans activas lendo polo libro e contestando as preguntas que temos nos cadros da dereita. Imos ao mesmo tempo suliñando as palabras e frases máis importantes dos cadros da esquerda.
- 8.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín neste tema é que: (Lemos a oración que temos no libro na páxina 69. Das frases que dicimos “todos” imos escribir no caderno as 4 ou 5 que nos parecen máis importantes)

Tema 12.- O Espírito Santo anima e guía o Reino de Deus

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- No libro lemos e comentamos o apartado ollos abertos. Agora no caderno (sen poder mirar nin a ficha nin o libro) escriben algo bo e algo malo do vento, da electricidade, do lume, e da auga.
- 4.- Lemos o apartado mirada penetrante e respostamos a pregunta que nos plantexa cada unha das historias. (a resposta está no mesmo título do apartado).
- 5.- Lemos apartado oídos atentos, e relacionamos os números coas letras (é importante ver a simboloxías de cada un dos signos que nos aparecen na columna da esquerda) (as relacións máis dudosas son 1E, e 2G).
Agora completamos os textos que nos faltan no punto dous do apartado oídos atentos, e facemos o exercicio que se nos propón.
- 6.- Traballamos coa axuda do libro o apartado memoria esperta e contestamos as preguntas resumindo e lendo despois o que cada quen respostou.
- 7.- No apartado mans activas fixámonos nas diferenzas que hai entre o caos e o cosmos.
Agora imos contestando as preguntas que nos aparecen no exercicio das mans activas.
- 8.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín neste tema é que: Deus Pai manda o seu Espírito para:
(No libro, na oración da páxina 75 temos oito “Para ...”. Imos escribir as catro que nos parecen máis importantes e despois lemos o que cada quen escolleu)

Tema 13.- Os apóstolo enviados a anunciar o Reino de Deus

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- No libro lemos o apartado ollos abertos e contestamos no caderno as preguntas, e logo pomos en común as respostas.
- 4.- Lemos o apartado mirada penetrante e na ficha facemos o exercicio que se nos propón unindo con frechas. Logo pomos en común as opinións.
- 5.- Traballamos o apartado oídos atentos que nos falan das primeiras parroquias. Nos puntos 1, 2 e 3 completamos os textos que faltan no apartado e suliñamos as palabras máis importantes.
Lemos o punto 4 do apartado oídos atentos, e imos suliñando as frases que máis nos din de cómo vivían e como eran naquelas primeiras comunidades e parroquias.
- 6.- No apartado memoria esperta lemos no libro e facemos no caderno un resume de cada resposta.
- 7.- No apartado mans activas falamos do apóstolo Paulo e de nós, imos lendo e puntuando o noso xeito de facer, tal e como se nos propón no apartado. Contamos os puntos que sacamos, e na ficha suliñamos as tres que nos parecen máis importantes nas que debemos esforzarnos nós, os cristiáns de hoxe.
- 8.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín neste tema é que: (Lemos polo libro o apartado corazón agradecido que temos na páxina 81, e no caderno escribimos a introdución que temos neste apartado)

Tema 14.- A Igrexa realiza o Reino de Deus ao longo da historia

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- No libro lemos o apartado ollos abertos. No caderno imos escribindo o que cada un dos personaxes foi facendo.
- 4.- Traballamos o apartado mirada penetrante, e facemos o exercicio que se nos propón contestando no caderno as dúas preguntas que temos sobre o comportamento dos netos.
Completamos na ficha o que falta “na nosa resposta ao que recibimos”.
- 5.- Traballamos o apartado oídos atentos lendo, explicando, e suliñando as palabras ou frases que nos parecen máis importantes. Facemos tamén o exercicio de valorar os acontecementos positivos e os negativos.
- 6.- No apartado memoria esperta e mirando polo libros contestamos as dúas preguntas que temos na ficha.
- 7.- Lemos e facemos o exercicio que se nos pide no apartado mans activas.
- 8.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín neste tema é que: (Lemos polo libro o apartado corazón agradecido e no caderno copiamos as 5 frases que nos falan de Xesús e que están en negriña)

Tema 15.- A Igrexa hoxe, ao servizo do reino de Deus

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Na ficha traballamos o apartado ollos abertos marcando ou coloreando as cousas que temos na nosa parroquia ou concello.
- 4.- Lemos polo libro o apartado mirada penetrante e facemos na ficha o exercicio que se nos propón.
- 5.- Na ficha completamos os textos que faltan no punto 1 do apartado oídos atentos.
Lemos e traballamos o punto 2 do apartado oídos atentos, e corrixímolo razoando as respostas axeitadas.
Lemos e completamos o punto 3 do apartado oídos atentos.
- 6.- Mirando polo libro damos resposta as preguntas que temos no apartado memoria esperta.
- 7.- Na ficha no apartado mans activas temos dous exercicios nos que temos que adiviñar e colocar palabras. (no primeiro as palabras son presumido, vingativo, resentido, mentireiro, egoísta, odioso, violento, ingrato e insensato).
- 8.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín neste tema é que: (Lemos polo libro o apartado corazón agradecido e no caderno copiamos as 5 frases que nos falan de Xesús e que están en negriña)

Tema 16.- A Igrexa servidora dos pobres

1.- Cubrimos a folla de asistencia.

2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.

3.- Lemos no libro o apartado ollos abertos e completamos o que falta nos cadros.

Coa axuda de periódicos facemos o exercicio que se nos propón na ficha.

4.- Lemos no libro o apartado mirada penetrante e contestamos de palabras as preguntas que temos ao final do apartado.

5.- Traballamos o apartado oídos atentos completando os textos que nos faltan no punto 1. Contestamos as dúas preguntas que temos ao final deste punto 1 do apartado oídos atentos.

No punto 2 completamos os textos que faltan na columna da esquerda e suliñamos as frases e palabras que máis nos chaman a atención na columna da dereita.

Facemos isto mesmo co punto 3.

Facemos o exercicio que se nos propón no punto 4.

6.- Sen deixarlles mirar polo libro contestan na ficha as preguntas que veñen na ficha no apartado memoria esperta, despois comprobamos polo libro as respostas correctas, e corriñen o que haxa que corrixir.

7.- Traballamos o apartado mans activas facendo o exercicio que se nos propón e contestando as preguntas do final.

8.- No caderno escribimos:

O máis importante que aprendín neste tema é que: (Lemos polo libro o apartado corazón agradecido e no caderno copiamos os catro primeiros puntos da oración)

Tema 17.- Os sacramentos de curación: Penitencia e Unción de enfermos

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro o apartado ollos abertos e completamos na ficha o exercicio que se nos propón.
- 4.- Lemos o apartado mirada penetrante e despois co libro pechado intentamos escribir na ficha o que falta no apartado. Despois deixamos que o completen mirando polo libro.
- 5.- Lemos o apartado oídos atentos, sulinando as palabras e as frases que nos parecen máis importantes. No final do apartado temos un traballo a facer colocando as palabras no lugar axeitado. (As palabras están nos textos anteriores e teñen que facerlle un círculo para explicar en que lugar as colocan agora no exercicio.
- 6.- Mirando polo libro contestamos as preguntas que nos veñen no apartado memoria esperta.
- 7.- Lemos no libro o apartado mans activas explicando que quere dicir cada unha das condicións para acoller o perdón.
Facemos o exercicio que se nos propón.
- 8.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín neste tema é que: Estas son as condicións para acoller o perdón de Deus (escribimos as cinco cousas que están en negriña no apartado mans activas)

Tema 18.- Os sacramentos de servizo na Igrexa: Matrimonio e Orde Sacerdotal

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro o apartado ollos abertos e completamos escribindo as profesións necesarias en cada apartado (poden ser máis dunha profesión) e pomos en común as repostas engadindo o que os compañeiros din e que non tiñan posto.
- 4.- Lemos no libro o apartado mirada penetrante e completamos despois na ficha os textos que nos faltan.
- 5.- Lemos no libro no apartado oídos atentos e imos suliñando as palabras e as frases importantes. Ao final do apartado temos un exercicio a facer, e temos que suliñar a frase que da razón de se é verdadeiro ou falso.
- 6.- Mirando polo libro contestamos as preguntas que temos na ficha no apartado memoria esperta.
- 7.- Traballamos o apartado mans activas. Imos lendo e falando do que se nos propón.
- 8.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín neste tema é que: (Lemos polo libro o apartado corazón agradecido e no caderno copiamos o cadro que nos convida a orar polos matrimonios)

Tema 19.- María, imaxe do Reino de Deus

É un tema que hai que traballar dun xeito moi delicado pois ao mellor algún dos nenos ten aos seus pais separados ou non lle vive a súa nai.

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro o apartado ollos abertos e facemos o exercici de unir con frechas. Despois lemos a segunda parte do apartado e facemos o exercicio de tachar a resposta incorrecta.
- 4.- Lemos no libro o apartado mirada penetrante e facemos o exercicio que se nos propón.
Intentamos razoar e explicar cales son as verdadeiramente importantes (é bo ..., é honrada ...)
- 5.- Lemos polo libro o apartado oídos atentos e imos completando na ficha os textos que faltan, sulñando as palabras ou as frases máis importantes de cada texto.
Ao rematar de ler a páxina 114 do libro facemos no caderno un esquema de todo o que nos ensina este apartado oídos atentos (empezamos escribindo “María, de escrava e raiña” e logo facemos o esquema con puntos, guións ou frechas, pondo o básico).
Facemos na ficha o exercicio de ordenar as palabras para que as cinco frases teñan sentido.
- 6.- Coa axuda do libro, traballan o apartado memoria esperta respostando as dúas preguntas da ficha.
- 7.- No apartado mans activas lemos as dúas historias e contestamos ao que se pregunta escribindo no caderno.
Facemos o último exercicio, e no caderno escriben que ten que ver iso con María.
- 8.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín neste tema é que: (*Escriben a segunda frase do exercicio que tiveron que facer no final do apartado oídos atentos*).

Tema 20.- A vitoria final do Reino de Deus

- 1.- Cubrimos a folla de asistencia.
- 2.- Na ficha escribimos o título do tema, e copiamos no caderno o número e o título do tema.
- 3.- Lemos no libro o apartado ollos abertos, falamos doutras cousas que esperamos, e sen deixarlles ver polo libro completan na ficha o que falta neste apartado ollos abertos. Comproban polo libro que estea correcto sen importar o orden do que escribiron.
- 4.- Lemos no libro o apartado mirada penetrante e no caderno contestamos quen ten unha actitude axeitada e quen non explicando porqué. Despois pomos en común as explicacións.
Facemos o exercicio de unir con frechas.
- 5.- Imos lendo polo libro o apartado oídos atentos e completamos na ficha os cadros que temos baleiros. Suliñamos en cada punto as palabras ou frases que nos parecen máis importantes.
- 6.- Lemos no libro o apartado memoria esperta e respostamos na ficha as tres preguntas.
- 7.- Lemos polo libro o apartado mans activas e completamos as tres actitudes que nos faltan. Tamén suliñamos as palabras e frases que nos parecen máis importantes.
Facemos o exercicio que se nos propón ao final do apartado.
- 8.- No caderno escribimos:
O máis importante que aprendín neste tema é que: Váleme a pena medrar nestas actitudes para a última vinda de Xesús (Copiar do libro as catro actitudes fundamentais das que se nos fala no apartado mans activas)

CATEQUESE DE REPASO AO TRABALLADO NO CURSO

Para esta final imos repasar todo o que estivemos traballando.

- 0.- Cubrimos a ficha de asistencia.
- 1.- Miramos no libro ou nas fichas os temas que demos traballado, copiamos os títulos dos temas nunha folla en branco do caderno.
- 2.- Miramos no caderno e nas fichas se traballamos eses temas, pois é posible que algúns non viñéramos. Imos anotando na mesma páxina do caderno os títulos dos temas que non fixemos.
- 3.- Na ficha de asistencia contamos cantas veces viñemos á catequese e pomos o dato no caderno. Pomos tamén o número de veces que faltamos á catequese.
- 4.- Tomamos algo xuntos e despedimos catequese ata o vindeiro curso.